

WONKA

1251

Paul King, 2023

ESTREA EN NUMAX: 02.03.2024 | V.E./V.O.S.E. | TP | 112 min

Baseada no extraordinario personaxe que protagoniza "Charlie e a fábrica de chocolate", o libro infantil máis emblemático de Roald Dahl e un dos máis vendidos de todos os tempos, "Wonka" conta a marabillosa historia de como o maior inventor, mago e chocolateiro do mundo se converteu no querido Willy Wonka que coñecemos hoxe en día.



Un seguro contra o cinismo

Por Matías G. Rebolledo

Chegou ás carteleiras de todo o mundo *Wonka*, unha precuela para contar as orixes do excéntrico personaxe creado polo escritor Roahl Dahl en 1964. Na dirección, a nova *Wonka* conta co bo gusto de Paul King, responsable anteriormente das dúas exquisitas entregas da saga *Paddington* e un seguro contra o cinismo, realizador capaz de imprimirlle flema británica e tenrura a partes iguais a todo o que asina. Para o papel protagonista unicamente había unha opción: Timothée Chalamet. O mozo actor estadounidense (de pai francés) non só é o intérprete de moda, se non que abandonou varios proxectos por centrarse en recoller a complicada testemuña de Johnny Depp e Gene Wilder. E así, o tándem formado por actor e director, que aquí segue de maneira marabillosa o guión de Simon Farnaby (*Paddington 2*), entrégannos un filme chamado a converterse no fenómeno do Nadal.

Wonka, que é un musical a pesar de que a campaña publicitaria da película tentase ocultalo a toda costa, transpórtanos ata un universo equiparable ao Reino Unido previo ao estoupido da Segunda Guerra Mundial. Alí chegará un mozo Willy Wonka, en barco, e cunha maleta cargada de soños e anhelos tras o falecemento da súa nai que verdadeiramente lle inculcou a profesión chocolateira. Pero a King non lle interesa tanto a forxa do mito, debido a que Chalamet é capaz de imprimirlle carisma sen histrionismo ningún ao personaxe, senón a súa orixe como empresario da felicidade. Por iso, e porque o material orixinal o facía posible con algunha que outra mención, os viláns da película son, en realidade, o cartel de magnates do doce que ven ameazado o seu “chiringuito” coa chegada de Wonka á cidade.

É aí onde Wonka saca toda o seu arsenal interpretativo, con Paterson Joseph, Mathew Baynton e Matt Lucas (si, o creador da serie de culto *Little Britain*) como trío disposto a acabar coa carreira do incipiente chocolateiro, toda unha nomeada ao Óscar como Olivia Colman facendo de caseira insufrible e explotadora, Keegan-Michael Key dando vida a un policía *dickensián*, Rowan Atkinson recuperado para a comedia máis física e un Hugh Grant en miniatura, tinguido de laranxa e encarnando ao primeiro Oompa-Loompa que coñeceu Wonka.

«Preocupábame que a película puidese converterse nunha trapallada motivada só polo diñeiro», explica Chalamet nunha entrevista, e é que aínda que a sombra do algorítmico poida sobrevoar *Wonka*, é realmente o carisma do seu protagonista o que a acaba salvando. Chalamet, que saltou á sona mundial con *Call Me By Your Name*, tivo que revivir estes meses a súa época no instituto, da que transcenderon varios vídeos furtivos nos que se lle vía bailar e cantar como nun musical. «Non sei se foron decisivos ou non, pero si que axudaron dalgún modo para conseguir o papel», confesa o actor. Sexa un máis de regalices que de chocolates, e máis de dramas que de musicais, *Wonka* atesoura calidades que devolven o superlativo ao cinema familiar. O filme, difícil de etiquetar pola súa pretensión preciosista e o escuro que se volve por momentos, aproveita o material orixinal de Dahl para transcendelo. O seu máximo mérito, máis aló dun deseño de produción extraordinario e a súa capacidade para quentar o corazón, pasa pola resistencia de King á rima co resto de películas que se fixeron xa de Willy Wonka. Só hai unha historia, irremediamente tenra, sobre a posibilidade de facer os nosos soños realidade. Difícil imaxinar que o filme de King poida competir como icona co de Burton, ou como revolución industrial co protagonizado por Wilder, pero a carisma e a puro espírito non lle gaña ningún.